

SERVIZO DE  
IGUALDADE

CONCELLERÍA DE  
IGUALDADE E COMERCIO

CONCELLO  
DE VIGO



Expediente:	90/142
Asunto:	Xustificación de subvención nominativa para o expediente “Orzamento municipal 2025” Identificación da entidade beneficiaria: Nome: “ <b>Consortio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar</b> ” ( <b>entidade pública da Xunta de Galicia</b> ) CIF: S 1500072 B  Contía da subvención exercicio 2025: 241.000,00 € Exercicio orzamentario: 2025 Programa: <i>Igualdade de Xénero</i> 2311 453 9000
Informe emitido a petición do Director Superior Contable e Orzamentario mediante petición de data 05.07.2024	
Liña estratéxica coa que se corresponde segundo o Plan Estratéxico de Subvencións 2024/2026: <b>2.5 Atención aos colectivos e ás súas necesidades sociais: vítimas de violencia de xénero.</b>	

### INFORME:

#### PRIMEIRO.-

O artigo 25.2 o) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL) sinala que o municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, as actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres, así como contra a violencia de xénero.

A Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro de medidas de protección integral contra a violencia de xénero e a Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes imponlles aos poderes públicos que establezan medidas explícitas e accións positivas para acadar a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes e para a prevención e o tratamento da violencia de xénero. No seu artigo 1, inclúe dentro do seu obxecto a prestación de asistencia ás mulleres, ós seus fillos e fillas menores e aos e ás menores suxeitos á súa tutela e garda e custodia, vítimas desta violencia. Recoñece tamén, no seu artigo 19, o dereito á asistencia social integral para as vítimas e a competencia para a súa organización por parte das Comunidades autónomas e das Corporacións Locais.

A Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, imponlles aos poderes públicos o establecemento de medidas explícitas e accións positivas para acadar a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes e, en concreto, ás Entidades Locais o deber de integrar o dereito de igualdade no exercicio das súas competencias e colaborar, para tal efecto, co resto das Administracións públicas.

Pola súa banda, a Lei 11/2007, do 27 de xullo, do Parlamento de Galicia, para o tratamento integral da violencia de xénero establece (art. 48) a “Rede galega de Acollemento” e define os centros de acollida como recursos especializados residenciais temporais que ofrecen acollida, atención e recuperación ás mulleres que sofren violencia de xénero e ás e os menores ao seu cargo que requiren un espazo de protección debido á situación de indefensión ou risco causada pola violencia de xénero.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/10/2024 12:23	Páxina 1 de 4
90-142	CSV: A1A652-E6DF87-EE24C6-TT9ZYD-4NZPMB-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

SERVIZO DE  
IGUALDADE

CONCELLERÍA DE  
IGUALDADE E COMERCIO

CONCELLO  
DE VIGO



A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, establece a estrutura do sistema de servizos sociais, consonte a dous niveis de actuación e establece as competencias dos Concellos e da Comunidade Autónoma na materia.

A lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia establece que a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Consellería con competencias en materia de igualdade, fomentará a coordinación e colaboración coas entidades locais en materia de sensibilización, prevención e atención integral en materia de violencia de xénero (art. 139.3.d).

O Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e inspección dos servizos sociais de Galicia ten por obxecto a regulación do Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais e o réxime de autorización, acreditación e inspección de servizos sociais, de conformidade co disposto na Lei 13/2008.

O “IV Plan de Igualdade do Concello de Vigo”, contempla entre os seus obxectivos específicos garantir e mellorar a atención integral ás mulleres vítimas da violencia de xénero e, entre as actuacións a poñer en marcha, a potenciación e o incremento dos recursos específicos de atención e axuda ás mulleres vítimas de violencia.

Por último, a Resolución de Alcaldía de delegación de competencias específicas do Alcalde na Primeira Tenente Alcalde e Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade de data 28 de xuño de 2024 (BOPPO núm. 133 do 9 de xullo de 2024) delega na Primeira Tenente Alcalde e Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade, en materia de igualdade, entre outras, as seguintes atribucións:

- . Xestionar e promover servizos de información, atención e acollemento ás mulleres vítimas de violencia de xénero e fillos e fillas menores ao seu cargo.
- . Relacións co Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar para o seguimento e coordinación da xestión que ese organismo realiza do Centro de Emerxencia para mulleres vítimas de violencia de xénero de Vigo.
- . Cooperar con outras institucións públicas ou privadas que desenvolvan actividades e programas relacionados coas competencias delegadas en materia de igualdade.

#### SEGUNDO.-

O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar (entidade pública da Xunta de Galicia) creouse en xullo de 2006 tendo como misión principal, de acordo co artigo 6 dos seus estatutos, a participación na dirección, avaliación e control da xestión dos servizos sociais de ámbito local no ámbito territorial dos entes consorciados.

Entre as súas finalidades, o Consorcio, ten por obxecto implantar un modelo homoxéneo de prestación de servizos sociais e garantir o acceso de todas as galegas e galegos a uns servizos sociais públicos de calidade a través dunha oferta de recursos suficiente e equilibrada territorialmente, incrementar os niveis de cobertura, intensidade e calidade de atención dos distintos servizos e prestacións e realizar unha distribución efectiva dos servizos e prestacións a fin de dar reposta ás necesidades reais da poboación, asignando equitativamente o uso e acceso aos recursos sociais dispoñibles, a través de procesos de planificación previa e tendo como principio de actuación o mantemento das persoas no seu contorno propio. O Concello de Vigo adheriuse ao Consorcio por medio do Convenio asinado con data 02.02.2007.

#### TERCEIRO.-



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/10/2024 12:23	Páxina 2 de 4
90-142	CSV: A1A652-E6DF87-EE24C6-TT9ZYD-4NZPMB-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

SERVIZO DE  
IGUALDADE

CONCELLERÍA DE  
IGUALDADE E COMERCIO

CONCELLO  
DE VIGO



En data 02.10.2019 o Concello de Vigo e o Consorcio Galego asinaron o convenio de colaboración para o desenvolvemento da xestión do Centro de Emerxencia para mulleres en situación de violencia de xénero (CEMVI) para o período 2019-2023. Acordo da Xunta de Goberno Local de data 26.09.2019. En data 8 de xullo de 2023, a Xunta de Goberno Local acorda a aprobación dunha prórroga do convenio, de un ano de duración, para o período comprendido entre o 2 de outubro de 2023 ao 1 de outubro de 2024 (ambos incluídos) así como a aprobación do gasto de 241.000,00 € para facer fronte ao gasto comprometido para período da devandita prórroga.

En data 28 de xuño de 2024, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a segunda prórroga, dun ano de duración, do Convenio de colaboración entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Vigo para o desenvolvemento da xestión do Centro de Emerxencia para mulleres en situación de violencia de xénero (CEMVI), que abrangue desde o 2 de outubro de 2024 ata o 1 de outubro de 2025 (ambos incluídos), así como a autorización do gasto de 241.000,00 € para facer fronte ao gasto comprometido para o período da devandita prórroga, con cargo á aplicación orzamentaria “*Convenio Cons. Galego Igual. B.S Centro Emerxencia*” 2311 4539000 do orzamento vixente do Servizo de Igualdade e do futuro exercicio 2025.

Este convenio ten por obxecto regular a xestión e o mantemento do CEMVI establecendo o marco da colaboración entre o Consorcio e o Concello de Vigo e definindo as achegas de cada unha das partes e as obrigas e compromisos que adquiren, de acordo sempre cos principios de atención de emerxencia, especializada e multidisciplinar.

O CEMVI, integrado na Rede Galega de Acollemento, ten como finalidade proporcionar aloxamento inmediato e de curta estancia ás mulleres e a súa prole que se atopen nunha situación de malos tratos e garantirles un acollemento de emerxencia e temporal. O Centro garante unha atención continuada ás usuarias todos os días do ano, incluídos sábados, domingos e festivos.

Segundo queda establecido na cláusula Oitava do convenio aprobado, o Concello de Vigo asumiu o compromiso de ceder ao Consorcio o uso do inmovible da titularidade municipal no que se emprega actualmente o CEMVI (co seu equipamento e mobiliario) e colaborar no financiamento dos gastos derivados do funcionamento e mantemento do centro cunha achega anual de 241.000,00 €.

Os fins desta entidade beneficiaria cumpre cos obxectivos do Concello de Vigo a prol da igualdade de oportunidades, e máis especificamente contra a violencia que sofren as mulleres ao acadar co desenvolvemento deste proxecto os seguintes obxectivos estratéxicos: “Garantir a atención integral das mulleres (e persoas delas dependentes) en situación de violencia de xénero” e “Proporcionar unha residencia temporal que cubra as necesidades básicas e de seguridade diante dunha situación de crise e emerxencia vital e de ruptura de vínculos co agresor”.

#### POLO EXPOSTO:

Co obxecto de facer fronte aos gastos do convenio co Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar para o desenvolvemento da “Xestión do Centro de Emerxencia para mulleres en situación de violencia de xénero” será preciso que no orzamento finalmente aprobado para o exercicio 2025 se consigne crédito adecuado, necesario e suficiente a nome da entidade “*Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar*” (entidade pública da Xunta de Galicia) na partida 2311 4539000 do programa “Igualdade de Xénero”.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/10/2024 12:23	Páxina 3 de 4
90-142	CSV: A1A652-E6DF87-EE24C6-TT9ZYD-4NZPMB-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

SERVIZO DE  
IGUALDADE

CONCELLERÍA DE  
IGUALDADE E COMERCIO

CONCELLO  
DE VIGO



A dita subvención enmárcase no Plan Estratéxico de Subvencións do Servizo de Igualdade (programa 2311) para o período 2024/2026 aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 15 de marzo de 2024.

Liña estratéxica 2.5: *Atención aos colectivos e as súas necesidades sociais: vítimas de violencia de xénero.*

Vigo, na data da sinatura dixital

A xefa do Servizo de Igualdade.- Cristina Gómez García

CONFORME:

A concelleira delegada de Igualdade e Comercio.- ANA LAURA IGLESIAS GONZÁLEZ [Resolución de Alcaldía de data 19/06/2023, modificada polas Resolucións do 28/06/2023 e do 28/06/2024 e posterior corrección de erros do 1/07/2024 (BOPPO núm. 134 do 10 de xullo de 2024), Resolución de Alcaldía de data 20/06/2023 (BOPPO núm. 124 do 28 de xuño de 2023), Resolución de Alcaldía de data 30/06/2023, modificada pola Resolución do 28/06/2024 (BOPPO núm. 133 do 9 de xullo de 2024), e Acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/06/2023, modificado polos Acordos do 28/07/2023 e do 28/06/2024 (BOPPO núm. 134 do 10 de xullo de 2024)]

A concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade.- MARÍA DEL CARMEN SILVA REGO [Resolución de Alcaldía de data 19/06/2023, modificada polas Resolucións do 28/06/2023 e do 28/06/2024 e posterior corrección de erros do 1/07/2024 (BOPPO núm. 134 do 10 de xullo de 2024), Resolución de Alcaldía de data 20/06/2023 (BOPPO núm. 124 do 28 de xuño de 2023), Resolución de Alcaldía de data 30/06/2023, modificada pola Resolución do 28/06/2024 (BOPPO núm. 133 do 9 de xullo de 2024), e Acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/06/2023, modificado polos Acordos do 28/07/2023 e do 28/06/2024 (BOPPO núm. 134 do 10 de xullo de 2024)]

